

INSTRUCCIÓN DA VICERREITORÍA DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO 5/2020, DO 6 DE XULLO DE 2020, SOBRE A REINCORPORACIÓN DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO AOS SEUS CENTROS DE TRABALLO NO CURSO 2019/20 DENTRO DO PROCESO DE DESESCALADA DA COVID-19

A resolución reitoral do 13 de maio de 2020, pola que se aproba o protocolo que establece o retorno á actividade presencial na Universidade de Vigo e as medidas de prevención asociadas fronte á COVID-19, establece unha serie de fases para a reincorporación progresiva e en determinadas circunstancias do persoal á actividade presencial, rematando a última delas o día 30 de xuño de 2020. Durante a aplicación deste protocolo estableceuse o traballo non presencial como opción preferente para o PDI mediante a Instrución da Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado 3/2020, do 14 de maio de 2020, sobre desprazamentos e accesos aos centros tras o período de peche de centros debido á Covid-19.

Neste mesmo sentido, o Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes e extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, fixa, no seu artigo 5, que “se establecerán sistemas de organización que permitan manter a actividade por mecanismos alternativos, particularmente por medio do traballo a distancia”. Na disposición derradeira décima fíxase que “con carácter xeral, as medidas previstas no presente real decreto lei manterán a súa vixencia ata un mes despois da fin da vixencia da declaración do estado de alarma”.

A este respecto, o Real decreto lei 15/2020, do 21 de abril, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, establece no artigo 15, para o efecto da duración das medidas de fomento do teletraballo, que se “manterá vixente durante os dous meses posteriores ao cumprimento da vixencia prevista no parágrafo primeiro da disposición derradeira décima do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo”.

Igualmente, o Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, establece no artigo 7.1.e) que se deberán “adoptar medidas para a reincorporación progresiva de forma presencial aos postos de traballo e a potenciación o uso do teletraballo cando, pola natureza da actividade laboral, sexa posible”.

En vista do antedito, tras o correspondente proceso negociador coas seccións sindicais, esta Vicerreitoría dita as seguintes instrucións,

Primeiro. Durante o período restante ata a finalización do curso 2019/20, non existe obriga de acudir aos centros para o PDI, considerándose preferente a continuación da súa actividade na modalidade de non presencialidade.

Segundo. O PDI que acuda aos centros deberá coñecer e cumprir as medidas de seguridade establecidas no momento que realice o acceso ao centro, baixo a súa responsabilidade. En caso de dúbida sobre si o seu posto de traballo cumpre ditas medidas, antes de acudir ao centro de traballo deberá realizar a correspondente consulta á dirección ou decanato indicando as posibles circunstancias persoais que poidan concorrer, e solicitando, de ser o caso, as adaptacións necesarias, que poderán consistir, no caso de espazos compartidos, no establecemento de quendas de traballo presencial.

Terceiro. Seguirán en vigor ata a finalización do curso 2019/20 as medidas relativas ao establecemento dunha xornada laboral de 25 horas á semana, así como as relativas á flexibilidade da xornada laboral establecidas no Protocolo de actuación para o PDI da Universidade de Vigo en relación co coronavirus COVID-19.

O Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

(asinado dixitalmente)